



Concello de Monterrei

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2017/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	2 de agosto de 2017
Duración	Desde as 13:30 ata as 14:10 horas
Lugar	SALÓN DE SESIÓNS DO CONCELLO
Presidida por	JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ
Secretario	PAULINO FERNÁNDEZ SALGADO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
41096534L	ALBERTO RODRIGUEZ GARCIA	NON
34719476X	DELFIN BOO PAYO	Sí
34927236B	DELFIN FIDALGO CARBALLO	Sí
76717044S	FRANCISCO JAVIER LIMIA FEIJOO	Sí
34968041Z	JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ	Sí
76719061P	MARIA DEL CARMEN SOLA PEREZ	Sí
34721394L	MARINA SALGADO CARNERO	Sí
34728608B	MARÍA ROSA GONZÁLEZ RIVERO	Sí
34701982L	SALVADOR ZARRAQUIÑOS SEGUIN	Sí
34722008N	SERAFIN AUGUSTO DAMEA	Sí
34728275T	YOLANDA DOMINGUEZ GALLEG0	Sí

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 22/09/2017
HASH: c128641d3b6e77dcb6a70a13aa03dd02

PAULINO FERNÁNDEZ SALGADO (2 para 2)
SECRETARIO INTERVENTOR
Data de Sinatura: 22/09/2017
HASH: d349894d94e3bdcf9d3730b0d66a60ed

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925Y0E67D0EDZC1ZD4NC74M14 | Corrección: http://monterrei.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 22



Concello de Monterrei

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 7 DE XUÑO DE 2017

O alcalde di que o primeiro asunto da orde do día é a aprobación da acta da sesión ordinaria do 7 de xuño de 2017.

Toma a palabra o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Ilmia Feijoo, para dicir:

- Imos gravar tamén o pleno, para que o saiban antes de comezar, para que se volve fallar nos quede a gravación, e comunicar antes de que empece a falar que está gravando.

O alcalde pregunta aos membros asistentes se teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión de data 7 de xuño de 2017.

O concelleiro de Veciños de Monterrei puntualiza:

- Si que temos algunha observación que formular ao borrador da acta anterior.

Nós imos votar en contra. De entrada, no tema de modificación de créditos non se transcribiu tal e como o dixo. É máis, nuns escritos que presentou Veciños de Monterrei con respecto a unhas obras de Vilaza e un segundo escrito no que se solicitaba unha copia do expediente da obra e vostede no Pleno contestounos que o Concello non tiña nada, que era unha obra da Consellería, e iso non consta na acta, entón nos imos votar en contra da acta.

O Pleno, por seis votos a favor do Grupo Popular e tres en contra do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA aprobar a acta da sesión ordinaria do 7 de xuño de 2017.

RATIFICACIÓN DO ACORDO DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN POLO QUE SE APROBAN AS BASES XERAIS REGULADORAS DA CONTRATACIÓN DE PERSOAL

Neste intre, ao seren as 13.36 h, entra na sala de sesións o concelleiro Delfín Boo Payo.

O día 29 de xuño de 2017 a Asemblea xeral extraordinaria da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín acordou ratificar

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQES7DQ6DZCLZD4NC14MJ4 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 22



Concello de Monterrei

plenamente a Resolución do seu presidente, de data 14 de xuño de 2017, sobre a aprobación do texto das Bases xerais reguladoras da contratación do persoal da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín e dos concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós, que previamente foran aprobadas pola Mesa Xeral de Negociación. Dáse conta do contido das ditas bases de contratación de persoal, as cales son as seguintes:

"BASES XERAIS REGULADORAS DA CONTRATACIÓN DO PERSOAL DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN E DOS CONCELLOS DE CUALEDRO, LAZA, MONTERREI, OÍMBRA E VUILARDEVÓS.

ARTIGO 1.- OBXECTO, AMBITO DE APLICACIÓN E FUNCIONAL DAS BASES XERAIS:

O obxecto destas Bases Xerais consiste en regular todos os procesos selectivos de persoal que deban convocar a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín e os Concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós.

Igualmente, por medio delas serán regulados os procesos selectivos de persoal de todas as entidades públicas, empresas públicas, consorcios, asociacións ou calquera figura societaria na que calquera das entidades locais vinculadas por estas bases xerais teñan unha participación maioritaria. O ámbito funcional das Bases Xerais abranguerá todos os procesos selectivos de contratación de persoal temporal e fixo, laboral ou funcional.

ARTIGO 2.- CARÁCTER XURÍDICO DAS BASES XERAIS:

As Bases Xerais reguladoras da contratación do persoal da Mancomunidade Municipios da Comarca de Verín e dos Concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós teñen carácter xurídico normativo, agás aquelas cláusulas cuxa natureza sexa instrumental ou obrigacional, ao nacer dun proceso de negociación colectiva, concluído na Mesa Xeral de Negociación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, participando nela os representantes políticos lexitimados.

ARTIGO 3.- DURACIÓN E VIXENCIA DAS BASES XERAIS:

O período de duración e vixencia destas Bases Xerais Reguladoras da contratación será de catro anos, que se prorrogarán automaticamente por períodos de igual duración, ata que sexan substituídas por outras. Rematado o período de vixencia inicial ou calquera das prórrogas, as partes, dentro do derradeiro mes de tal período inicial ou prórrogas, poderá solicitar a negociación dunhas novas bases, que deberán ser acordadas, no ámbito da Mesa Xeral de Negociación correspondente, por consenso.

ARTIGO 4.- OFERTA E CONVOCATORIA DE POSTOS DE TRABAJO, BASES REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS ESPECÍFICOS, PUBLICACIÓN E TRIBUNALS:

A oferta e convocatoria de postos de traballo e dos seus respectivos procesos selectivos deberá realizarse polo órgano de cada Concello ou entidade que teña atribuída tal competencia.

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cód. Validación: 925Y0E67D06DZCLZD4NCT4M44 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 22

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

3 días hábiles antes da publicación da convocatoria dos postos de traballo que se pretendan ofertar, o órgano municipal encargado de efectualala, terá que remitir a oferta coa proposta das bases reguladoras específicas a todas as centrais sindicais mais representativas, enviándoa ao/s correo/s electrónico/s que estas faciliten a cada concello e á Mancomunidade de Verín. No caso de que as centrais sindicais non soliciten a xuntanza da Comisión de Control de Procesos Selectivos, para obxectar e/ou negociar as bases reguladoras da convocatoria do posto ou postos específicos que se oferten, entenderase que a proposta de bases fica informada favorablemente, adquirindo a categoría de acordo de bases reguladoras específicas e publicaranse no taboleiro de edictos e na páxina web da entidade municipal ofertante.

No caso de que as centrais sindicais desexen abrir negociación ou formular obxección sobre as Bases específicas deberán solicitar, dentro dos 2 días hábiles seguintes a recibir a oferta e a proposta de bases, a convocatoria da Comisión de Control de Procesos Selectivos; e suspenderase, automaticamente, a publicación da oferta do/s posto/s en cuestión e das súas bases até que estas se debatan e negocien na citada comisión de control. A convocatoria das ofertas de postos de traballo deberá, obrigatoriamente, publicarse no BOP, na paxina web e no taboleiro de edictos, da entidade municipal correspondente; contendo referencia do link no que se poderán descargar integramente tanto as Bases Xerais Reguladoras da Contratación, como as Bases Reguladoras específicas do posto que se convoque. As bases reguladoras dos procesos selectivos específicos para a provisión dos postos de traballo que se convoquen, deberán publicarse, obrigatoriamente e de xeito íntegro, na páxina web da entidade municipal que realice a oferta e no seu taboleiro de edictos, simultaneamente, coa publicación de tal convocatoria no BOP, na páxina web e no taboleiro de edictos correspondente.

Establécese a prohibición da difusión pública das ofertas que se realicen e das súas bases até a data da súa publicación oficial no Boletín Oficial da Provincia.

Os Tribunais dos procesos selectivos serán designados polo órgano competente para realizar a oferta e convocatoria dos postos de traballo, con observancia do disposto no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.

ARTIGO 5.- SISTEMAS DE SELECCIÓN E BOLSAS DE EMPREGO:

Nos postos de traballo fixos ou temporais que se convoquen, de calquera grupo profesional, o sistema de selección será o concurso oposición.

As titulacións académicas esixidas e preceptivas para poder participar nas convocatorias de postos de traballo regúlanse en base ao disposto no artigo 76 do Estatuto básico do empregado público.

No caso de que o posto de traballo que se convoque requira titulacións ou habilitacións profesionais complementarias (como por exemplo: Carné C1, percusión, etc.) deberá xustificarse e motivarse a súa necesidade nas propias

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQE57DQ6DZCLZD4NCT4MJA | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 22

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

Bases Reguladoras da convocatoria específica.

As titulacións académicas esixidas para o poder participar nas convocatorias constitúen un requisito preceptivo que eliminará do proceso selectivo os/as aspirantes que non acrediten dispor delas durante o período que se abra para a presentación das solicitudes.

Igualmente tales titulacións académicas non poderán ser avaliadas como mérito na fase de concurso do proceso.

No caso das contratacións subvencionadas que establezan procedementos de selección específicos, os procesos selectivos realizaranse de conformidade co establecido na orde pola que se regule a subvención, sen prexuízo da aplicación dos presentes criterios xerais en todo o que sexa compatible e de xeito supletorio.

Nas bases específicas de cada proceso indicárase se se constitúe ou non bolsa de emprego, así como a regulación da bolsa, no seu caso, que terá que atermarse ao establecido nestas bases xerais.

A duración máxima das bolsas de emprego será dun ano dende a data da súa publicación.

ARTIGO 6. - O CONCURSO - OPOSICIÓN:

Na fase concurso de méritos, avalíaranse as seguintes competencias:

- * Experiencia profesional e
- * Formación.

Os concursos de méritos representarán un máximo do 40% da puntuación total do proceso selectivo.

A fase oposición desenvolverase por medio da convocatoria aos participantes a realizar as seguintes probas:

- * Teórica
- * Práctica

* Ou ambas conxuntamente, segundo o que se estableza nas bases reguladoras da convocatoria específica.

Deberán ser probas obxectivas e os/as participantes no proceso terán dereito a coñecer, con carácter previo, a puntuación atribuída aos coñecementos ou ás prácticas que se requiran, así como o temario da fase oposición e os criterios de avaliación das probas.

Todas as probas teóricas ás que se someta os/as candidatos/as deberán ser realizadas directamente por eles mesmos/as e por escrito (nin oralmente, nin polo sistema de entrevista cuberta polo entrevistador/a).

A fase oposición representará un máximo do 60% da puntuación total do proceso.

Igualmente, naquelas convocatorias que o requiran, por tratarse de postos de traballo para os que se precise un determinado estado físico e/ou de saúde, convocarase os participantes á realización dunha proba física e/ou médica, con parámetros homologados, obxectivos e coñecidos de antemán polos aspirantes.

Este tipo de proba desenvolverase baixo a supervisión dunha persoa habilitada e con competencia profesional na materia.

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQE67DQ6DZCLZD4NCT4M4J | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 22

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

A non superación das probas físicas/médicas poderá ter carácter eliminatorio do proceso, segundo o que se estableza nas bases reguladoras da convocatoria específica.

ARTIGO 7.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS, PRAZOS E RECURSOS:

As solicitudes de participación nos procesos selectivos elaboraranse e presentaranse de acordo co que establezan as Bases Reguladoras da Convocatoria Específica e, en todo caso, observando o disposto no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, en materia de rexistros.

As solicitudes de participación nos procesos selectivos presentaranse nos prazos que establezan as bases reguladoras da convocatoria específica e, en todo caso, coa limitación do prazo mínimo para a presentación de instancias en 5 días hábiles.

Os/as participantes nos procesos selectivos poderán impugnar as propostas de resolución, resolucións ou actos de trámite cualificados, adoptados no seo do proceso selectivo por calquera órgano, se deciden directa o indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, interpondo recurso alzada ante o presidente do Concello ou entidade que oferte o posto, en base ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Igualmente, os participantes nos procesos selectivos poderán impugnar as resolucións ou actos do presidente do Concello ou entidade que oferte o posto, interpondo recurso potestativo de reposición ou acudindo directamente á vía contencioso administrativa, con base no disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

ARTIGO 8.- COMISIÓN DE CONTROL DE PROCESOS SELECTIVOS:

Créase unha comisión de control de procesos selectivos seguindo as pautas marcadas polo artigo 61.7 da Lei do estatuto básico do empregado público que establece a posibilidade por parte das administracións públicas de negociar as formas de colaboración das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.

1. Composición.

Presidente: o da entidade municipal de que se trate, ou membro no que delegue.

Vogais: ata 3 representantes da entidade que convoca o proceso e ata 3 representantes das centrais sindicais en proporción á súa representatividade na mesa xeral de negociación.

Secretario (con voz pero sen voto): un empregado público da entidade municipal.

O sistema de votación e adopción de acordos será o mesmo que o previsto polo EBEP para as negociacións que se levan a cabo no ámbito da Mesa Xeral de Negociación: 1 voto a representación da Administración e 1 voto a bancada sindical.

2. Funcións.

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925Y0E67D08DZCLZD4NCT4M4J | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 22

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

Informar e negociar, con carácter previo á súa aprobación, as bases específicas que rexan as convocatorias de todos os procesos selectivos que se vaian ofertar no ámbito territorial deste acordo.

Informar sobre as propostas de resolución que realicen os tribunais e/ou órganos administrativos de todos os procesos selectivos que convoque a entidade de que se trate.

Informar, con carácter preceptivo, sobre as alegacións e reclamacións que poidan interpor os interesados/as contra calquera dos trámites ou actos dos procesos de selección de persoal da entidade de que se trate, agás aqueles que sexan completamente estimados polo órgano convocante ou corrixis de oficio.

Informar, con carácter preceptivo, sobre os recursos que poidan interpor os interesados/as contra calquera dos actos citados nos procesos de selección de persoal da entidade de que se trate.

Formular propostas de modificación das bases xerais e específicas reguladoras da contratación.

Informar sobre os proxectos de modificación das bases xerais e específicas reguladoras da contratación.

3. Funcionamento e acceso a expedientes:

O funcionamento da comisión axustarase ao disposto nos seguintes apartados:

A convocatoria da Comisión realizarase polo seu secretario, por orde do presidente:

Con carácter ordinario, cando algunhas das partes que integran a Comisión sosteña discrepancias, queira formular alternativas ou a por obxeccións a respecto da proposta realizada polo órgano convocante do posto de traballo; tras recibir información sobre a oferta, a convocatoria, as súas bases reguladoras específicas, así como sobre calquera dos restantes trámites e/ou actos en relación cos que deba emitir informe a Comisión, con arranxo ao disposto no anterior apartado de funcións.

Con carácter extraordinario, a petición de calquera das partes.

Co obxecto de cumprimentar as funcións propias da Comisión, todos os seus membros deberán ser notificados, polos servizos administrativos da entidade que oferte o posto de traballo, de cada un dos trámites, actos e reclamacións que fagan parte das citadas funcións remitíndolles, ao correo electrónico facilitado, os documentos acreditativos de tais trámites, actos e/ou recursos, no momento no que se diten ou produzan polo órgano competente.

Todos os membros da Comisión terán acceso inmediato, no momento no que llo soliciten por escrito ao/á Secretario/a da entidade municipal correspondente, aos expedientes íntegros das convocatorias de postos de traballo, así como a todos os trámites e actos que se adopten nas distintas fases dos procesos selectivos que se desenvolvan.

Os membros da Comisión terán deber de sxiilo a respecto do contido dos expedientes aos que teñan acceso, podendo incorrer en responsabilidades persoais no caso de uso inadecuado do contido ou datos aos que accedan en

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQE67DQ6DZCIZD4NCT4M4J | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 22

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

virtude da súa función.

ARTIGO 9.- NORMAS SUPLETORIAS DE APLICACIÓN

En todo o non previsto nestas Bases Xerais Reguladoras será de aplicación supletoria o establecido nas seguintes normas:

- a) Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público
- b) Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- c) Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- d) Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- e) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

ARTIGO 10.- PARTES QUE SUBSCRIBEN O ACORDO, ENTRADA EN VIGOR, APROBACIÓN E PUBLICACIÓN

Subscriben o presente acordo:

- Pola Administración: José Luís Suárez Martínez, Presidente da Mancomunidade de Verín; Ana María Villarino Pardo, Alcaldesa de Oímbra; José Luís Suárez Martínez, Alcalde de Monterrei; Luciano Rivero Cuquejo, Alcalde de Cualedro; José Ramón Barreal Novo, Alcalde de Laza; Manuel Cardoso Pérez, Alcalde de Vilardevós.

- Pola representación sindical: Manoel Anxo García Torres, Secretario de Organización da CIG de Ourense; e, Luís Ferreiro Fernández, Secretario de UL da CIG de Verín e A Limia.

As Bases Xerais Reguladoras da contratación do persoal da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín e dos Concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós:

- a) Apróbanse por Decreto do Presidente da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín e dos Alcaldes/a dos Concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós; achegándose copia dos Decretos ao acto da sinatura deste Acordo para facer parte integrante do mesmo.
- b) Entran en vigor ao día seguinte da súa sinatura polas partes, momento no que se publicarán nas páxinas web de todas as institucións asinantes.
- c) Deberán ser ratificadas pola Asemblea da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín e polos Plenos dos Concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós, no primeiro pleno seguinte á data da súa sinatura polas partes.
- d) Penduraranse, con carácter permanente, en todas as páxinas web das partes que as asinan, baixo a denominación: "Bases Xerais Reguladoras da Contratación do persoal da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín e dos Concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós".
- e) Disporanse ao público, con carácter permanente, nos taboleiros de edictos da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín e dos Concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós.
- f) Publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense; trámite do que se encargarán os servizos administrativos da Mancomunidade de Verín.
- g) Rexistraranse e depositaranse perante o Rexistro de Acordos e Convenios

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQ657DQ6DZCLZD4NCT4MJA | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 22



Concello de Monterrei

da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galiza, ao constituír un acordo derivado da negociación colectiva.

h) Queda aberta a posibilidade de que o Concello de Castrelo do Val e aqueles outros que o consideren oportuno poidan subscribir, no momento no que o desexen, este acordo, adheríndose a el".

O alcalde propón a ratificación do dito acordo da Mancomunidade sobre a aprobación das Bases xerais reguladoras da contratación do persoal da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín e dos concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós.

Dáse conta tamén do ditame favorable da Comisión Informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do 27 de xullo de 2017.

Toma a palabra a concelleira do Grupo Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez Gallego, e di:

- Nós, por suposto, queremos dicir que estamos de acordo con que en calquera contratación as condicións de igualdade, mérito e capacidade deben primar sobre todo, pero gustaríanos que nos fixesen unha aclaración sobre en que casos non se van aplicar estas bases.

Respóndelle o alcalde á concelleira:

- A min gustaríame facer antes unhas consideracións xerais. Trátase de ratificar o acordo adoptado, tanto na Mesa Xeral de Negociación da Mancomunidade como na propia Asemblea, respecto das Bases xerais reguladoras da contratación de persoal. Supón un acordo histórico, levado a cabo despois dun breve espazo de tempo negociando. Gustaríame destacar a boa fe negociadora das partes, que fixo chegar a este acordo. Negociouse moito en pouco tempo e ben, así consta ademais nas diferentes actas da Mesa Xeral. Tendemos desde este grupo de goberno no tema da selección de persoal, tan debatido ultimamente, queda resolto dándolle estabilidade ao sistema. Non é que antes non se repectaran os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, senon que agora quedan, se cabe, máis reforzados; sobre todo refórzase o principio de publicidade, cunha publicidade máxima: páxina web, bop, taboleiro... Tamén destacaría que se establece o proceso de concurso-oposición para todas as prazas, excepto as prazas relativas ás contratacións subvencionables, que se rexen polo seu propio sistema, aplicándolle todo o das bases xerais que sexa compatible. E aquí estámoslle respondendo á súa pregunta. É dicir, todos aqueles programas de cooperación, todos os programas de fomento do emprego que teñen o seu propio sistema de selección de persoal, que a orde o regula, que é fundamentalmente a través do Servizo Galego de Colocación, aí non se aplicarán as bases xerais, salvo no que lle sexa compatible. O que é, por exemplo, o baremo do concurso, en principio, é compatible, é compatible para esa selección, excepto os obradoiros de emprego. Os obradoiros de emprego teñen o seu propio baremo e aí non hai nada que facer, aí non se lle pode tocar. O concurso será dun 40%, como establece a lexislación, e a oposición dun 60%. Por último, sinalar que se establece un órgano de control,

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQE67DQ6DZCLZD4NCT4MJ4 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 22



Concello de Monterrei

encargado de supervisar todos os procesos selectivos convocados. En definitiva, creo que é un bo acordo e resolve dun xeito moito máis transparente todas as cuestións relativas á selección de persoal. De acordo? Toma a palabra a concelleira de Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez García, e di:

- De acordo. Todo o que sexa a favor da transparencia e da igualdade estamos de acordo.

Logo de darse conta do contido das ditas bases, o Pleno, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

Ratificar o acordo da Mancomunidade sobre a aprobación das Bases xerais reguladoras da contratación do persoal da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín e dos concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós.

DAR CONTA DO DECRETO DO 28 DE XUÑO DE 2017, POLO QUE SE DELEGA NO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE O EXERCICIO DAS FUNCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do 27 de xullo de 2017.

Dáse conta do decreto da Alcaldía do 28 de xuño de 2017, o cal é do seguinte teor:

"Debido á miña ausencia do concello dende o día 1 ata o 15 de xullo de 2017, ambos os dous incluídos, e de conformidade co establecido nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 43, 44 e 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RESOLVO:

Primeiro: delegar no segundo tenente de alcalde, Delfín Fidalgo Carballo, o exercicio das funcións da Alcaldía, dende o día 1 ao 15 de xullo de 2017.

Segundo: notificarlle este decreto ao designado e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día da sinatura.

Terceiro: darlle conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar".

O Pleno dáse por informado.

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YOE67D08DZCLZD4NCT4M4J | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 22



Concello de Monterrei

DAR CONTA DA RENUNCIA DA CONCELLEIRA MARÍA ROSA GONZÁLEZ RIVERO Á SÚA DEDICACIÓN PARCIAL

Dáse conta tamén do ditame favorable da Comisión Informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do 27 de xullo de 2017.

Dáse conta do escrito presentado o día 17 de xullo de 2017 pola concelleira, María Rosa González Rivero, no cal comunica ao Concello a súa renuncia ao cargo como concelleira delegada, e polo tanto á súa dedicación parcial, a partir do 4 de agosto de 2017.

O Pleno dáse por informado.

DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, DE DATA 20 DE XULLO DE 2017, POLO QUE SE NOMEA A MARINA SALGADO CARNERO COMO CONCELLEIRA DELEGADA

Dáse conta tamén do ditame favorable da Comisión Informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do 27 de xullo de 2017.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, do 20 de xullo de 2017, a cal é do seguinte teor literal:

Logo de ver o escrito presentado por María Rosa González Rivero, de data 17 de xullo de 2017, no que presenta a súa renuncia ao cargo de concelleira delegada, no uso das facultades que me outorgan os artigos 21 da Lei 7/85, o artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, RESOLVO:

Efectuar a favor da concelleira Marina Salgado Carnero unha delegación específica, a partir do día 4 de agosto de 2017, para a xestión de asuntos relacionados coa atención ao cidadán e xestión ordinaria do Concello, coa sinatura para actos de trámite (certificados, informes e solicitudes), sen que se inclúa a facultade de ditar actos administrativos con eficacia ante terceiros. O Pleno dáse por informado.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO DUNHA DEDICACIÓN PARCIAL A FAVOR DA CONCELLEIRA MARINA SALGADO CARNERO

Antes de pasar a tratar este asunto, abandona a sesión a concelleira Marina

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQE67DQ8DZC1ZD4NCT4M4 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 11 a 22



Concello de Monterrei

Salgado Carnero, por ter interese directo no asunto.

A continuación, a Presidencia propón ao Pleno o recoñecemento da dedicación parcial, de catro horas diarias, a favor da concelleira Marina Salgado Carnero, con base no artigo 75 da Lei de bases do réxime local, tendo en conta que o volume de traballo do Concello require esta dedicación, cunha retribución mensual de mil euros (1.000 €), con catorce pagas ao ano e o pagamento da seguridade social con cargo a este concello, na parte que lle corresponda.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa A Comisión informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do 27 de xullo de 2017.

Toma a palabra a voceira do Grupo Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola, e di:

- Nós imos votar en contra porque non nos parece normal que cada pouco tempo, os veciños xa se acostumaran a unha persoa, e a estean cambiando continuamente.

O alcalde indica:

- Nós, neste punto, imos vota a favor. Gustárame sinalar que no 2015, cando tomou posesión este equipo de goberno, establecemos este modelo organizativo. Fundamentalmente baseado na atención aos nosos veciños e aos seus problemas máis inmediatos, que para nós son unha prioridade. Creo que é un sistema que ten funcionado moi ben, que está dando un moi bo resultado, deuno o primeiro ano con Marina e este segundo ano con Rosa. Eu non podo máis que agradecer o traballo de ambas as dúas, e moi especialmente o de Rosa este último ano. Excelente traballo o realizado, cunha gran dedicación coa xente, que é do que se trata. Reitero, agradecerlle os servizos prestados e as felicitacións por este traballo, Rosa, que seguro terá continuidade nas actuacións do grupo de goberno. E, agora, como sabedes, é a rolda de Marina, á que lle pedimos que continúe con este traballo emprendido no 2015, que ela ben coñece.

Continúa a voceira de Veciños de Monterrei:

- Só dicir unha cousa.

Intervén o alcalde:

- Aquí quen establece as roldas de palabra son eu, é este alcalde. De acordo? E continúa, dirixíndose ao concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo:

- Ela será a que ten que pedir a quenda de palabra. Non é vostede o que lle ten que indicar ao alcalde a quen lle dea a rolda de palabra.

Di o concelleiro de veciños de Monterrei:

- Calquera outro membro

Incide o alcalde:

- Ou calquera outro membro do Pleno, pero é o alcalde.

Retoma a palabra a voceira de Veciños, María del Carmen Sola:

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQE67D060ZCLZD4NCT4MJ4 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 22

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

- Que máis dá. Simplemente dicir que os veciños, con este sistema, non saben moitas veces a quen chamar, quen está nese momento, que se é Marina, que se é Rosa.

Ao que o alcalde lle di:

- É a súa opinión, pero eu creo que os veciños están ben atendidos, saben perfectamente a quen chamar. O debate está rematado.

Sométese o asunto a votación e o Pleno, por seis votos a favor do Grupo Popular e tres en contra do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA aprobar a proposta da Presidencia, e recoñecerlle a dedicación parcial á concelleira Marina Salgado Carnero.

A continuación, volve entrar no salón de sesións a concelleira Marina Salgado Carnero, que pasa a ocupar o seu sitio.

DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2017

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas do 27 de xullo de 2017.

O alcalde dá conta aos asistentes que con data 20 de xullo de 2017 informouse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do período medio de pagamento correspondente ao segundo trimestre de 2017, de conformidade co artigo 4.1.b da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministración previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo.

O detalle do informe é o seguinte:

Importe de pagamentos realizados: 156.985,94 €

Importe de pagamentos pendentes: 41.698,75 €

Periodo medio de pagamento: 15,48 días.

O Pleno dáse por informado.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 6/2017, CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA

Dáse lectura ao expediente núm. 6/2017, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado co remanente líquido da tesourería

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQE57DQ6DZCLZD4NCT4MJ4 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 22



Concello de Monterrei

dispoñible procedente da liquidación do orzamento do exercicio 2016.

Dáse conta dos informes emitidos polo interventor e pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, de data 27 de xullo de 2017, e que o expediente se tramita por razóns de necesidade e urxencia plenamente xustificadas, e está axustado aos preceptos legais vixentes.

Toma a palabra o concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo, para dicir:

- Aparecen para pavimentacións, saneamento e iluminación pública. Pódenos dicir para que é?

Pregúntalle o alcalde ao concelleiro:

- Rematou a súa intervención?

Ao que lle responde Francisco Javier:

- A primeira intervención, si.

Toma a palabra o alcalde para dicir:

- Trátase dun expediente de modificación de créditos. O orzamento non é un documento ríxido, sofre modificacións ao longo do ano e co remanente que temos permítenos levar a cabo obras financieramente sostibles, que é o que nos permite a lei. Con relación ao que preguntaba vostede agora de pavimentación, son 30.000 € porque solicitamos a brigada de obras da Deputación e vanse realizar arranxos de fochancas nunha serie de localidades do concello, en concreto na zona de Vences, Estevesiños, a Pousa, Albarellos e Vilaza. Sinalar que o importe total da modificación son 78.415,00 €. Tiñamos un remanente de tesourería no 2016 de 320.318,12 € e levamos utilizado un remanente de 120.417,78 e aínda nos queda un remanente de tesourería dispoñible de 199.900,34 €. Hai que descontarlle aos cento noventa e nove mil os que utilizamos agora, os setenta e oito mil euros de agora.

Segue coa súa intervención o concelleiro:

- Perdón, 30.000 € son para arranxo de fochancas. Os outros dezaioito e o saneamento e iluminación?

Explícalle o alcalde:

- Imos ver: 20.437,76 son para a iluminación en Vences, que nos veu unha subvención da orde de infraestruturas. Concedeusenos unha subvención por importe de corenta e catro mil euros, creo lembrar, está no expediente en concreto

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQE7DO6DZCLZD4NCT4MJ4 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 22

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

e aí temos que realizar unha achega que é a que realizamos para reformar toda a iluminación en Vences, o que se poida. Despois, temos que facer unha achega ao Plan marco de 5.756,12 €. E volvemos ter unha obra a maiores que houbo que facer na rúa Torreón, en Medeiros, de 9.503,34 €, porque unha vez realizada a obra, apareceu pedra, en consecuencia, hai que facer un modificado desa obra a maiores que saíu en Medeiros. E, tamén, con relación á obra que se fixo en Vilaza, houbo que facer tamén unha obra a maiores polo importe de 12.717,38 €. E iso dá o total dos setenta e oito mil catrocentos quince.

A continuación sométese o asunto a votación e o Pleno, por unanimidade, ACORDA aprobar inicialmente o expediente, co seguinte resumo:

Suplemento de crédito

PARTIDAS	CONCEPTO	IMPORTE
1532.609	Investimentos financeiramente sostibles (pavimentacións)	48.473,90
161.609	Investimentos financeiramente sostibles (saneamento)	9.503,34
165.609	Investimentos financeiramente sostibles (iluminación pública)	20.437,76
TOTAL:		78.415,00

TOTAL EXP. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: 78.415,00 €

O importe dos gastos anteriores finánciase con cargo ao remanente líquido da tesourería dispoñible da liquidación do orzamento anterior, polo que a operación queda nivelada e sen déficit inicial, e introdúcese no orzamento de ingresos a seguinte modificación:

Por aplicación do remanente líquido de Tesourería dispoñible:

CAPÍTULO	CONCEPTO	SUBCONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
8	87	870.00	Aplicación para financiamento	78.415,00 €

TOTAL IGUAL OS SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS: 78.415,00 €

Ao ter que darlle ao expediente a tramitación á que alude o artigo 177.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 38 do Real decreto 500/1990, de non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerárase este acordo como definitivo.

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQE67DQ6CZC1ZD4NCT4M4J | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 22



Concello de Monterrei

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO ORZAMENTO MUNICIPAL DO 2016

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas do 27 de xullo de 2017.

O obxecto deste punto é examinar e aprobar a Conta xeral do orzamento correspondente ao exercicio de 2016.

A dita conta expúxose ao público e foi examinada minuciosamente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, do 28 de xuño de 2017, que xa emitiu o correspondente informe que consta no expediente, do cal dá lectura o secretario, e do que resulta que a dita conta está debidamente rendida e xustificada.

O alcalde somete o asunto a votación e, o Pleno, por sete votos a favor do Grupo Popular e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA:

Primeiro. Aprobar a Conta xeral do orzamento de 2016, nos termos que se confeccionou e que contén as partes que se sinalan no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo. Aplicar o resultado favorable do exercicio do 2016 ao patrimonio da entidade.

Terceiro. Render ante o Consello de Contas de Galicia a conta que se aproba nos termos que en materia de fiscalización externa das contas e da xestión económica das entidades locais regula a normativa reguladora das facendas locais.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Antes de pasar a tratar este asunto, o alcalde pregunta aos voceiros dos grupos políticos se hai algunha moción urxente. Respostan que non.

A continuación o alcalde toma a palabra do seguinte xeito:

- Pasamos entón ao que é o control e fiscalización das actuacións dos órganos de goberno, pero previamente vou contestar as preguntas que formulou no Pleno anterior Francisco Javier Limia Feijoo, do Grupo Veciños de Monterrei, que preguntou se había algún motivo para que non contestase por escrito o que me preguntaban. Teño que responder que non hai ningún motivo, simplemente que en ningún lugar di que as preguntas escritas teñan que ser respondidas por escrito, entón a pregunta escrita pode responderse

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO

Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQ67DQ6DZCIZD4NC14M4J | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 22



Concello de Monterrei

de xeito oral, neste caso no Pleno, como fixemos na vez pasada. Tampouco se di que as preguntas orais teñan que ser respondidas oralmente, senón que poden ser por escrito ou oralmente, na mesma sesión ou na seguinte. Non queira ver motivos onde non os hai. Non hai ningún motivo en concreto para non contestar por escrito. E a segunda das preguntas que fixo vostede, sobre a iluminación de Infesta: foi algo que se contemplou nunha das modificacións de crédito que fixemos, que para onde é, respóndolle que é na rúa Cruceiro, en Infesta.

Entón (continúa), pasamos xa aos ROGOS e PREGUNTAS.

María del Carmen Sola Pérez, voceira do Grupo municipal Veciños de Monterrei, fai os seguintes rogos:

- Que reparen as fochancas da estrada que vai da Pousa a Monterrei.
- Que acolche os parques infantís que hai en Estevesiños e San Cristovo.
- Que rocen os camiños da parcelaria, sobre todo das localidades de Estevesiños e Vences, que en Vences van estar de festas e igual hai problemas no campo da festa.

A continuación a voceira formula a seguinte pregunta:

- Na Voz de Galicia, do 29 de xullo, publicouse que había un convenio de colaboración entre Turismo e o Concello, dotado de 126.000 €. Pode explicarnos algo máis?, e se nolo pode dar tamén.

Respóndelle o alcalde:

- Si, respóndolle. Imos ver, en realidade o convenio aínda non está asinado definitivamente. Aínda se aprobou no Consello de Goberno da Xunta. Como é un convenio plurianual (2017, 2018 e 2019), tiña que ir ao Consello de Goberno da Xunta. Efectivamente, hai ese borrador de convenio, que é o que imos asinar definitivamente, onde en virtude dese convenio entre a Axencia de Turismo e nós, o que son as visitas guiadas que están levando, non a de Cultura, non Lupe, senón Roberto e Laura, que estaba levando turismo, pois vaino levar o Concello directamente. Cos mesmos importes. Simplemente antes, onde contrataba Turismo, agora vai contratar o Concello. E, a maiores, vén unha partida de 10.000 € anual, tanto no 2017 coma no 2018 e no 2019, para visitas teatralizadas. O que se fixo o primeiro ano, que o ano pasado non se fixo, e este ano a verdade é que imos andar un pouco xustos pero imos intentar encaixar esas visitas teatralizadas nos meses de setembro e outubro, incluso ao mellor ata novembro podemos ir. Despois xa se mete o nadal e entón, ao mellor, igual xa non ten moito sentido facer esas visitas teatralizadas. Pero, ben, en setembro e outubro imos tratar de facelas. E niso consiste o convenio. Hai un borrador, está aí na Secretaría, está á súa disposición e se queren levar unha copia, poden facelo. Que precisamente fixeron unha pregunta hoxe por escrito.

Continúa a voceira de Veciños coa seguinte pregunta:

- A actuación que houbo o 23 de xullo aquí, en Albarellos, forma parte destas, de camiño da cultura ou págaa o Concello?

Respóndelle o alcalde:

- Non, iso forma parte de Cultura no Camiño.

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQEB7DQ6DZCLZD4NC14M4J | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 22

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

Di María del Carmen Sola:

- E que non vén aí.

E o alcalde explícalle:

- Non vin ese folleto, a verdade, non sei. Pero é de Cultura. Houbo aquí en Albarellos. Vai haber en Vilaza, en Medeiros e en Vences. Son os catro sitios.

A voceira continúa:

- Pois tampouco saen no libro. As de Medeiros e Vences non están publicadas.

Ao que o alcalde lle di:

- Non veñen publicadas? Miramos a ver.

É agora a quenda do concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia:

- Á primeira pregunta, pódeme contestar no próximo pleno. E se lle fan falta dous meses para saber cal é a rúa de Infesta onde van poñer as luces.

Con respecto ás axudas de custo, creo que se aclarou no pleno pasado, porque houbera un malentendido, seguimos a esperar por elas, porque segue sen dárnolas.

Non sei se me pode dicir para que é a modificación de créditos 5/2017, porque hoxe intentei acceder a ela e, igual que o día 28, a dous expedientes máis, me negaron o acceso. Primeiro dixéronme que o tiña que pedir por escrito, por orde súa, e despois, que se me contestaría en prazo, porque lles dera orde de que non nos deran nada.

Dicíanme que se a ver se se poden limpar os contedores de lixo, que non sei cando sería a última vez que os limparon. Eu estivennos vendo o outro día e a verdade é que están bastante sucios. Pódolle poñer como exemplo un en Estevesiños que quen mo dicía facía risa porque dicía que cando había auga na fonte lle botaban un caldeiro. Pero como agora a fonte non ten auga, que non os limpa.

Xa vin que hai orzamento para arranxar algunhas fochancas e repítolle unha vez máis que a varanda da igrexa de Mixós, máis que nada porque estou canso de dicirlllo pero ao mellor algún día cae alguén e se manca e despois botaremos as mans á cabeza, como pasa con outras cousas.

O alcalde respóndelle:

- Rematou? Con relación ás axudas de custo, o que lle dixeran no Pleno, están á súa disposición e ten aí toda a documentación cando queira, xa llo digo agora mesmo, teno aí á súa disposición na Secretaría.

A modificación de créditos núm. 5, efectivamente eu nunca, en ningún momento lle neguei o acceso aos expedientes a vostedes, simplemente lle digo que non custa nada a vostedes, que lles gusta facer moitos escritos, presentar un escrito solicitándoo. E nese escrito contestaráselle que se lle dará acceso, obviamente, é que vostedes teñen acceso en todo momento. En ningún momento se lle está a negar o acceso, só lle faltaba. Por aí non vaian. Non hai debate. Vostede preguntou e eu contesto. Vostede non está no uso da palabra.

Replícalle o concelleiro ao alcalde:

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQ667DQ6DZCIZD4NCT4MJ4 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 22



Concello de Monterrei

- De feito sabe que lle puxen outro escrito a primeira vez para que o vise, para que fose consciente de que efectivamente....

O alcalde diríxese ao concelleiro e dille:

- Unha advertencia, retírolle o uso da palabra. En rogos e preguntas non hai debate. Vostede pregunta e eu contesto. Estoulle a dicir que en ningún momento o alcalde lle negou a vostedes o acceso a ningún expediente. Ao contrario, teñen o máximo acceso, simplemente o que pedimos é que o pidan por escrito.

Con relación á limpeza dos contedores do lixo, iso é unha competencia que lle corresponde á empresa concesionaria do lixo, e temos problemas, recoñezo que temos problemas coa empresa. Estamos nunha prórroga dese servizo e esperemos ter un novo servizo a partir de xaneiro, loxicamente onde van incluídas as limpeza dos contedores, que ten que facer a empresa. Eu son consciente de que temos un mal servizo de recollida do lixo e da limpeza dos contedores, pero é unha loita que temos. Aínda hoxe me chamou o alcalde de Vilardevós, que non recollen o lixo en tres localidades.

E con relación á varanda de Mixós, farémolo, cando se poida.

Toma agora a palabra a concelleira de Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez Gallego:

- Primeiro un rogo, que debe ser a enésima vez que o presentamos, que a ver se se pode arranxar a fonte da praza Ángel Medeiros.

Outro rogo ou pregunta, depende de como vostede o queira plantexar. Primeiro vou poñer os antecedentes para que se me entenda o que vou preguntar ou rogar. O día 28 de xuño de 2017 presentamos por escrito unha solicitude da copia do expediente de modificación de créditos 1/2017, aprobado, segundo resposta do Pleno do 7 de xuño, por Decreto da Alcaldía. Anteriormente, no Pleno do 7 de xuño, vostede díxonos, consta na acta, que ese expediente estaba á nosa disposición na Secretaría. Pedimos ese expediente e non se nos deixou ver porque o tiñamos que pedir por escrito. Presentamos este escrito, Javi e máis eu, e díxosenos que non se nos deixaba velo pola súa orde. Presentamos este escrito e díxosenos que xa se nos entregaría, outra vez por escrito. Estamos esperando a que nos contesten por escrito que se porá á nosa disposición, como fan sempre, de nove a dúas, cando vostedes saben que nós de nove a dúas normalmente traballamos. Entón, nós non estamos facendo ningunha "acusación" porque non podemos facer acusacións no sentido legal de acusar a ninguén de impedir a información pero si que estamos dicindo que por que se poñen trabas preguntando, por que se poñen trabas para ensinar toda a documentación que pedimos. Por que é tan complicado un expediente que ten que estar na Secretaría é tan complicado ensinárnolo no momento, como hoxe á mañá que estivemos aquí os dous toda a mañá e non se nos deixou ver absolutamente nada e vaise poñer de novo á nosa disposición de nove a dúas, un día que saben que nós estamos traballando. Iso é poñer trabas á nosa información. Vostede pode interpretalo como queira, nós interpretámolo como que nos están poñendo trabas. Esa era a pregunta de Javi e a miña

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQ5E7D06ZC1ZD4NCT41M4 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 22



Concello de Monterrei

pregunta: por que nos poñen trabas?

Respóndelle o alcalde:

- Trabas, ningunhas, en absoluto.

Di a concelleira:

- Pois empecen a poñer as cousas á nosa disposición.

Ao que a resposta do alcalde é:

- Os expedientes están aí á súa disposición.

Replicálle a concelleira:

- Non é verdade, porque non nolos deixan ver.

Ao que o alcalde lle di:

- Como que non? E logo non lles contestamos que podían vir de nove a dúas?

Dille Yolanda Domínguez:

- Non. De nove a dúas os días que saben que nós estamos traballando. Iso é imposible que nós veñamos aquí. O día que vimos non nolo dan e pórñenolo a disposición o día que saben que nós non podemos vir.

Explícalle o alcalde:

- Imos ver. Hai tamén un apartado que é o traballo administrativo deste concello. Eu entendo o seu labor, de control e de fiscalización, pero o que tampouco pretenderán vostedes é que os servizos administrativos deste concello se paralicen a beneficio do seu labor de control e fiscalización.

E a concelleira di:

- Por suposto que non.

Continúa o alcalde:

- Entón, trátase de compaxinar as dúas cousas e eu creo que lle estamos dando a maior accesibilidade aos expedientes posible. Senón, consúlteno noutros sitios como é. Porque mire: por que vostede en lugar de presentar os escritos de acceso, por que non os presentou fai dous ou tres días? Preséntao dous ou tres días e nós o día do pleno...Comprométome a se vostedes no día das comisións informativas nos piden acceso aos expedientes, o día do Pleno témoslle o expediente aquí.

Di a concelleira:

- O día da comisión presentámolo, o día do Pleno non o tiñamos a disposición.

E o alcalde:

- Non me lembro exactamente que pasou no pleno anterior.

Yolanda Domínguez insiste:

- Pero nós si porque o temos escrito.

Insiste o alcalde:

- Hoxe presentaron dous escritos ou tres escritos, eu non sei cantos presentaron, presentáranos o día das comisións.

Continúa a concelleira:

- Pero é que xa o presentamos.

O alcalde:

- Desta vez?

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQE67DQ6DZCLZD4NC14MJ4 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xeslona.es/Pública | Páxina 20 a 22

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

E a concelleira:

- Si. De data 28 de xuño. Hai escritos presentados.

Dille o alcalde:

- Ese foi o anterior. Desta vez non teñen vostedes presentado ningún escrito. Eu estoume comprometendo a que vostedes, se presentan o escrito o día das comisións, o día do pleno teñan aquí os expedientes a disposición.

Insiste a concelleira:

- Cando pedimos por escrito dinos que pidamos sen problema. Cando pedimos de palabra dinos que o pidamos por escrito. Cando pedimos por escrito dinos que en cinco días. En cinco días contéstanos que se nos contestará no próximo pleno e pasan dous meses.

E o alcalde tamén persiste:

- Estoulle a dicir hoxe, 2 de agosto, que se vostede no próximo pleno, nas comisións informativas nos presentan escritos de acceso a algún expediente, o día do pleno, téñeno para que aproveiten a mañá.

Continúa a concelleira de Veciños:

- Vale, e iso que teño que interpretar: que o que pedimos hoxe temos que esperar dous meses para velo no próximo pleno? E vano poñer á nosa disposición nun horario que o poidamos ver?

Respóndelle o alcalde:

- A iso ímoslle contestar e trataremos de adaptalo tamén ao seu horario, pero vostede vai ter que entender o horario dos servizos administrativos. Ten que haber un equilibrio, non?

Comenta a concelleira:

- Pero de momento o equilibrio é sempre a favor dos mesmos.

Dille o alcalde:

- Ben, pois preguntáremoslle, a ver cando poidan vir e terán acceso.

E solicita Yolanda Domínguez:

- A segunda quincena de agosto, por favor, polas mañás.

Ao que o alcalde di:

- Vale, non haberá problema.

Continúa a concelleira:

- Todo o que queiramos ver, na segunda quincena de agosto?

Remata o alcalde:

- Sen problema. Algunha cuestión máis?

E dirixíndose ao concelleiro, Francisco Javier Limia:

- Vostede non está no uso da palabra. Remata a sesión. Moitas grazas.

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQE67DQ6DZCIZD4NCT4MJA | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 22

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei, 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DO PLENO
Número: 2017-0001 Data: 22/09/2017



Cod. Validación: 925YQE67DQ6DZCLZD4NCT4MJ4 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 22

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700